


CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS
CONCELLO DE TEO

38

NOME	Castro de Pontevea	GRAO DE PROTECCIÓN	II	CÓDIGO	GA15082038
PARROQUIA	Reis (San Cristovo)	PLANIMETRÍA	(CPTOPV E. 1:5.000)	120-48	
LUGAR	Pontevea	COORD. U.T.M.	X 536.100 Y 4.734.800	Alt. 66 m s.n.m.	
A. TIPOLÓXICA	Asentamento fortificado				
A. CULTURAL	Idade do Ferro				
DESCRICIÓN O xacemento sitúase cara ó leste dun outeiro de reducida altura. A partir deste outeiro hai un parapeto semicircular, visible dende o sur ata o norte, definindo un espacio ovoide duns 90 m de diámetro no eixo W-E e uns 80 m no eixo N-S. Este parapeto acada a maior altura exterior no lado sueste, cuns 3-4 m de alto, mentres que na zona norte a altura é duns 2 m. Con respecto ó interior só destaca en altura na zona sueste, onde conserva uns 1-1,5 m. Cara ó oeste non se observan restos deste parapeto, sen poder precisar se foi destruído durante a realización de actividades forestais. No corte do terreo resultado da apertura da pista de terra que pasa a carón do xacemento polo norte, a uns 50 m ó leste do parapeto delimitador da croa, obsérvanse algúns fragmentos de tégalas que quizais indiquen a continuación do xacemento cara ó exterior deste parapeto.					
ÁREA DE PROTECCIÓN INTEGRAL (Superficie destacada en cor azul) Superficie comprendida dentro do límite do perímetro máis externo do ben					
ÁREA DE CAUTELA (Superficie delimitada por unha liña vermella) Entorno adaptado ó redor do perímetro máis externo do ben					

